

Expectativas hoteleiras. 2º trimestre 2006

COMUNICADO

Previsións de estabilidade nos prezos, investimento e emprego nos hotéis e hostais galegos para o 2º trimestre de 2006

O 46,4% dos responsables de hotéis e hostais galego espera que o grao de ocupación do 2º trimestre de 2006 sexa igual que o do 1º trimestre de 2006

Os responsables dos establecementos galegos clasificados como hotéis e hostais opinan nunha porcentaxe do 46,4% que durante o segundo trimestre do ano 2006 a ocupación se manterá nos niveis acadados no trimestre que agora remata, o primeiro do 2006. A continuación, e cunha porcentaxe do 37,1%, sitúanse os que esperan unha situación máis favorable, isto é, un aumento no grao de ocupación para este trimestre que comeza.

Pola contra, un 16,5% dos responsables de hotéis e hostais galegos espera se produza un descenso dos niveis actuais de ocupación.

Tendencia no grao de ocupación 2º trimestre 2006

	Aumento	Estabilidade	Descenso
%	37,1	46,4	16,5

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Os valores previstos están dentro do intervalo 38-47% e presentan unha tendencia ascendente conforme pasan os meses do trimestre. No mes de abril, que este ano contén a Semana Santa, espérase o valor mínimo (38,8%); non obstante, para o mes de xuño o valor esperados sitúase case oito puntos porcentuais por enriba (46,5%).

Previsión grao ocupación mensual

Mes	%
abril 2006	38,8
maio 2006	42,8
xuño 2006	46,5

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Previsión de estabilidade nos prezos, investimento e emprego

Durante o 2º trimestre de 2006, a evolución prevista en variables que son decididas polos responsables dos establecementos, como son os prezos, o investimento e o emprego, é cara unha estabilidade nos niveis que mantiñan.

No caso dos prezos, no 81,4% dos hoteis e hostais galegos a previsión é de mantelos, fronte ao 15,5% que espera incrementalos e ao tan só 3,1% que ten previsto aplicar un descenso.

En canto ao investimento privado, o 75,7% dos establecementos espera seguir destinando a esta partida unha contía similar á actual. Pola contra, un 20,2% espera incrementala e un 4,1% diminuíla.

En relación ao emprego, o 76,2% dos establecementos espera permaneza estable nos niveis actuais. Teñen previsto incrementalalo o 21,2% e so pensa diminuílo un 2,7%.

Evolución dos prezos, investimento e emprego (%). 2º trimestre 2006

	Aumento	Estabilidade	Descenso
Prezos das prazas hoteleiras	15,5	81,4	3,1
Investimento privado	20,2	75,7	4,1
Emprego	21,2	76,2	2,7

Fonte: IGE. Expectativas hoteleiras

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es